

NEG



ESTATUTOS
da Asociación Pedagóxica
NOVA ESCOLA GALEGA

A Asociación Pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA constituíuse en Santiago de Compostela o 11 de xuño de 1983. A presente versión dos seus Estatutos foi aprobada en Asemblea Xeral Extraordinaria dos seus asociados e asociadas que tivo lugar o 24 de abril de 2004, cando NOVA ESCOLA GALEGA estaba a piques de cumprir o seu vixésimo primeiro aniversario.

NOVA ESCOLA GALEGA quedou rexistrada no Rexistro Central de Asociacións dependente da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local co número 2004/007521-1 (SC).

Limiar

Limiar

Limiar A actual política educativa e organización escolar en Galiza non responde cabalmente ás necesidades educacionais da sociedade galega, ao descoñecer en grande medida a súa lingua, a súa cultura e a súa complexa realidade e ao non estar tampouco en sintonía co intenso movemento de renovación pedagóxica presente nas sociedades máis avanzadas.

Estas carencias provocaron hai xa varios anos unha dinámica de cooperación por parte de varios núcleos de ensinantes galegos, chegando mesmo algún deles a dárense unha denominación. Así foron, entre outros, os casos de ALBE, AVANTAR, ESCOLA ABERTA, ESCOLA DRAMÁTICA GALEGA, LUBRICÁN, MOVEMENTO COOPERATIVO DE ESCOLA POPULAR GALEGA, PREESCOLAR NA CASA, SOCIEDADE GALEGA DE XEOGRAFÍA e XILBARBEIRA. As intencionalidades pretendidas eran semellantes ás que aquí se enuncian.

Faise sentir a conveniencia de coordinar máis profundamente as distintas actividades e impulsar outras novas que abrangan a un maior número de ensinantes e outros profesionais, sendo por iso polo que se constitúe a presente Asociación NOVA ESCOLA GALEGA.

Denominación, finalidades e domicilio

- Art. 1**
Denominación
- A Asociación regulada polos presentes Estatutos adopta o nome de Asociación Pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA. Esta Asociación nace sen ánimo de lucro e coas finalidades que prevé o Artigo 3. Rexerase por estes Estatutos, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, Reguladora do Dereito de Asociación e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicábel.
- Art. 2**
Ámbito de actuación
- A Asociación NOVA ESCOLA GALEGA ten personalidade xurídica para cumprir as súas finalidades, para rexer os seus bens e para exercitar os seus dereitos. O seu ámbito de actuación fundamental será a demarcación territorial de Galiza.
- Art. 3**
Finalidades
- A Asociación NOVA ESCOLA GALEGA nace coa finalidade xeral de impulsar o traballo de renovación pedagóxica e de galeguización lingüística e curricular do sistema educativo de Galiza, por medio de agrupación e da cooperación de todos aqueles ensinantes galegos de calquera nivel do sistema educativo e de todos os socios e colaboradores que pretendan contribuír coa súa acción e reflexión á renovación pedagóxica da educación e á construción dun sistema educativo Galego, Público e Democrático. E para acadar as finalidades indicadas, a Asociación desenvolverá as seguintes actividades:
- Contribuír á formación, perfeccionamento e actualización pedagóxica a través do traballo en equipo dos asociados e asociadas e da promoción doutras iniciativas de formación.
 - Coordinar as entidades, grupos, e persoas interesadas no estudo de todos os aspectos relacionados coa renovación pedagóxica: teorías psicopedagóxicas e sociolóxicas da educación, didáctica e metodoloxía das distintas áreas do ensino, organización dos centros de ensino e dos grupos de alumnado.
 - Promover e apoiar as iniciativas de experimentación pedagóxica e intercambiar experiencias escolares en xeral.
 - Formar e expresar opinións sobre os problemas de ensino e estudar unha liña pedagóxica acorde cun modelo educativo científico e democrático.
 - Constituír grupos de traballo de estudo sobre temas referentes á mellora da educación e á normalización lingüística e cultural no ensino.

ESTATUTOS DE NOVA ESCOLA GALEGA

- f) Organizar cursos, seminarios, congresos, certames pedagóxicos, así como calquera outra forma de intercomunicación de temas relacionados cos fins desta Asociación.
- g) Publicar e difundir as actividades da Asociación, especialmente os resultados dos grupos de traballo, así como a constitución de arquivos de documentación pertinentes aos efectos das actividades a realizar.
- h) Asesorar ás asociacións, organismos e outras entidades en relación coas cuestións pedagóxicas.
- i) Manter relacións con outras organizacións, grupos de traballo ou entidades que compartan obxectivos semellantes..
- l) Colaborar, desde criterios de independencia, cos organismos pedagóxicos da Administración Autonómica –e no seu caso Estatal- e da Administración Local, co Instituto de Ciencias da Educación, e outros centros universitarios relacionados coa formación de persoal docente, cos sindicatos de traballadores e funcionarios do ensino nas súas actividades de formación cultural e pedagóxica.
- m) Outras que impliquen unha integración dinámica da educación e dos ensinantes no seo dunha sociedade galega máis do seu, máis democrática e culta.

Art. 4 **Domicilio social**

A Asociación NOVA ESCOLA GALEGA ten o seu domicilio en Santiago de Compostela (A Coruña), co seguinte enderezo: Rúa de Betanzos, 1, 1º esquerda C.P. 15703, correo electrónico neg@iaga.com, e teléfono (981) 562577. Este domicilio poderá ser modificado por acordo da Asamblea Xeral.

Dos asociados e asociadas

Art. 5
Asociados e
asociadas

A Asociación estará integrada polos educadores e educadoras, ensinantes e profesionais relacionados co sistema educativo, pais e nais e outras persoas relacionadas coa educación que formalicen a súa inscrición.

Periodicamente o Secretariado Galego poderá decidir o nomeamento de Asociados e Asociadas de Honra entre persoas de recoñecido prestixio no campo da educación. Os Asociados/as de Honra, á marxe da certificación honorífica correspondente, terán os mesmos dereitos e obrigas que os demais asociados/as, estando liberados do pagamento de cotas.

Art. 6
Dereitos

Son dereitos dos asociados e asociadas:

- a) Participar nas actividades internas e públicas da Asociación para cumprir os obxectivos previstos no Artigo 3 dos presentes Estatutos.
- b) Empregar os servizos da Asociación e tomar parte nas súas actividades.
- c) Exercer o dereito de voz e voto nas Asembleas da Asociación.
- d) Elixir e ser elixido para os órganos de decisión e de representación da Asociación.
- e) Ser informado das actividades da Asociación e dos acordos tomados por todos os seus órganos.
- f) Dirixirse ao Secretariado e á Asemblea Xeral cando coiden oportuno.
- g) Impugnar os acordos conforme á lexislación vixente.
- h) Dimitir de calquera cargo que ostenten na Asociación.
- i) Todos os outros que prevén os presentes Estatutos e a lexislación vixente.

Art. 7
Obrigas

Son obrigas dos asociados e asociadas:

- a) Cumprir estes Estatutos e os acordos válidos que tome a Asemblea Xeral e o Secretariado Galego.
- b) Cumprir as obrigas do cargo que ostenten e da función que teñan aceptada.
- c) Pagar a cota periódica acordada pola Asemblea Xeral.
- d) Manter unha actuación profesional na liña dos principios e obxectivos da Asociación.

Art. 8
Procedemento
sancionador

Os asociados e asociadas poderán ser sancionados polo incumprimento das súas obrigas estatutarias con amoestación feita polo Secretariado nunha das súas sesións, con separación provisoria por un tempo non superior a un ano, ou separación

definitiva da Asociación. A decisión será tomada en expediente e contra ela o asociado ou asociada poderá recorrer ante a Asemblea Xeral, que decidirá definitivamente, en petición que formulará antes de vinte días naturais posteriores a recibir a sanción.

Art. 9
Perda da
condición de
asociado/a

Perderase a calidade de asociado ou asociada:

- a) Por baixa voluntaria da Asociación.
- b) Se se deixan de aboar as cotas anuais, previo requirimento do Secretariado e sen prexuízo de serlle reclamada a cantidade adebedada. Neste caso poderá rehabilitarse por medio do pago da débeda.
- c) Por acordo sancionador previsto no Artigo 8 dos presentes Estatutos.

Do goberno e administración

Art. 10 **Órganos de** **goberno**

A Asociación réxese pola Asemblea Xeral e polo Secretariado Galego. O seu funcionamento será democrático. A duración da Asociación será indefinida e só se disolverá segundo o contemplado no art. 32 destes Estatutos ou polas causas previstas na lexislación vixente.

Art. 11 **Asemblea Xeral**

1. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de decisión da Asociación e nela terán dereito a voz e voto todos os asociados e asociadas presentes.
2. A Asemblea Xeral pode ser Ordinaria ou Extraordinaria.

Das Asembleas Xerais Ordinaria e Extraordinaria

Art. 12 **Asemblea Xeral**

1. A Asemblea Xeral reunirase obrigadamente polo menos unha vez ao ano.
2. A Asemblea Xeral será convocada por escrito polo Secretariado Galego con dez días de antelación, indicando a Orde do Día, lugar e hora da mesma. A convocatoria realizarase por iniciativa do Secretariado, por petición da maioría dos Secretariados de Zona ou dun terzo dos asociados e asociadas.
3. A Asemblea Xeral considerarase constituída en primeira convocatoria coa maioría simple dos asociados; en segunda convocatoria, media hora máis tarde, cos asociados presentes. Adoptaranse os acordos por maioría simple de votos se se tratase dunha Asemblea Ordinaria, e por maioría de dous terzos dos presentes con dereito a voto, caso de ser Extraordinaria.
4. As decisións dunha Asemblea Xeral só poderán ser modificadas por outra Asemblea Xeral.

Art. 13 **Asemblea Xeral** **Ordinaria**

- Serán funcións da Asemblea Xeral Ordinaria:
- a) Aprobar a Memoria de Actividades do curso e o orzamento de ingresos e gastos do curso seguinte.
 - b) Aprobar o programa básico de actuación da Asociación para o novo curso.
 - c) Aprobar a liña pedagóxica da Asociación.

- d) Ratificar a constitución de agrupacións de zona e colectivos sectoriais da Asociación.
- e) Elixir os cargos para o Secretariado e ratificar os Secretariados de Zona segundo o previsto no Artigo 16 dos presentes Estatutos.
- f) Coñecer, valorar e, no seu caso, aprobar todo aquilo que toque á vida da Asociación e atender todas as demandas realizadas polos asociados e asociadas no uso dos seus dereitos e no marco dos presentes Estatutos.

Art. 14
Asemblea Xeral
Extraordinaria

Serán funcións da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) A elección do Secretariado Galego, cando o esixa algunha circunstancia anormal.
- b) A modificación dos Estatutos da Asociación.
- c) A adhesión ou separación de Colectivos.
- d) A disposición ou alleamento de bens.
- e) A solicitude de declaración de utilidade pública.
- f) A consecución de obrigas de creto e préstamo.
- g) A disolución ou fusión da Asociación.

Do Secretariado e dos Grupos de Traballo

Art. 15
Secretariado
Galego
Funcións

1. Secretariado Galego é o órgano executivo máximo da Asociación en atención ao programa da actuación aprobado pola Asemblea Xeral, á que deberá dar conta da súa xestión. A escala de zona territorial, o Secretariado de Zona será tamén o órgano executivo máximo en coordinación co Secretariado Galego.
2. Son funcións do Secretariado Galego:
 - a) Tomar as decisións precisas para executar o programa de actuacións aprobadas pola Asemblea Xeral.
 - b) Tomar calquera outro tipo de decisións operativas de acordo coas finalidades da Asociación e actuacións aprobadas pola Asemblea Xeral, previa consulta e debate por parte dos asociados e Secretariados de Zona nos casos precisos, e contando coa reserva de competencias que lles corresponda ás Asembleas Xerais.
 - c) Coordinar os Grupos de Traballo e promover iniciativas de ámbito xeral.
 - d) Coordinar as actuacións das Agrupacións de Zona e dos Colectivos Sectoriais.
 - e) Convocar a Asemblea Xeral.
 - f) Designar as Comisións Técnicas necesarias e determinar as súas funcións e forma de funcionamento, así como supervisar o seu traballo.
 - g) Esixir o cumprimento das obrigas a todos os asociados e asociadas.
 - h) Elaborar a memoria e o orzamento de ingresos e gastos.

Art. 16
Secretariado
Galego
Composición

O Secretariado Galego está composto por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Vicesecretario de Actas, un responsábel de implantación territorial, un responsábel de relacións externas e medios de comunicación, un tesoureiro, dous responsábeis por cada zona territorial elixidos en Asemblea Xeral e un coordinador por cada un dos colectivos pedagóxicos sectoriais existentes. Os Secretariados de zona estarán compostos por aqueles cargos e responsabilidades precisos para garantir o traballo eficaz da Asociación a escala de zona, elixíndose os seus compoñentes de entre os asociados e asociadas da zona, a reserva de dous elixidos na Asemblea Xeral por parte dos asociados e asociadas da zona, para formaren parte do Secretariado Galego.

Art. 17
Secretariado
Galego
Elección

1. Os cargos do Secretariado Galego serán renovábeis bianualmente, podendo seren reelixidos por dous períodos consecutivos.
2. Os candidatos poderán ser presentados por un mínimo de cinco asociados e asociadas para ser representantes das zonas no Secretariado Galego e por un mínimo de dez para os outros cargos. Deberán ter, polo menos, un ano de antigüidade na Asociación, agás na primeira elección de cargos.
3. Os candidatos serán elixidos por votación pública ou secreta, segundo indique o regulamento, por parte dos asociados en Asemblea Xeral como prevén os presentes Estatutos.
4. Se existisen vacantes entre os membros do Secretariado Galego en número menor a un terzo dos seus compoñentes, as súas funcións serán cubertas interinamente ata a próxima Asemblea Xeral por parte doutros membros do Secretariado elixidos por votación entre eles.
5. Os membros do Secretariado elixirán os coordinadores de Administración, Biblioteca, Publicacións, Revistas, Cursos e Asesoramento e outros servizos que consideren oportunos, de entre os responsábeis de zona e sectoriais presentes no mesmo.
6. O Secretariado reunirse con periodicidade mensual, ou por petición de tres dos seus membros. Actuará por maioría de votos e levantarase actas das reunións, manténdose tamén ao día os demais libros. A convocatoria dunha reunión realizarase na reunión anterior, fixándose nela a Orde do Día, a reserva de novas cuestións que poidan xurdir no intre. O quórum esixido será a metade dos seus membros.

Art. 18
Colectivos
Sectoriais e
Agrupacións
de Zona

1. Poderán e deberán constituírse Agrupacións de Zona da Asociación, que se rexerán por un Regulamento aprobado en Asemblea de zona polos asociados e asociadas en acordo cos presentes Estatutos e co visto e prace do Secretariado Galego. Cada Agrupación dotarase dun Secretariado.
2. Cada Colectivo ou Agrupación de Zona terá autonomía plena no seu funcionamento debendo respectar soamente os presentes Estatutos e as decisións aprobadas en Asemblea Xeral da Asociación. Co fin de coordinar toda a actuación da Asociación, respectaranse as decisións do Secretariado Galego, no que deberán estar representados todos os Colectivos e Agrupacións de Zona. A Asemblea será o seu órgano supremo no seu ámbito territorial.
3. O Secretariado Galego poderá autorizar provisionalmente a creación de Agrupacións de Zona, obtendo a ratificación definitiva na Asemblea Xeral seguinte. Ata o momento da Asemblea unha nova Agrupación ou

Colectivo poderá enviar un representante ao Secretariado Galego, con voz pero sen voto.

4. Os Colectivos usarán, a carón da súa denominación, a de NOVA ESCOLA GALEGA.

Art. 19
Grupos de Traballo

1. Poderán constituírse Grupos de Traballo polos asociados e asociadas que se propoñan calquera actividade pedagóxica incluída nas finalidades da Asociación, previo coñecemento por parte do Secretariado do funcionamento, obxectivos e outras características. Os Colectivos indicados no limiar poderán constituírse en Grupos de Traballo sectoriais e neles e noutros poderán integrarse novos asociados.
2. Os traballos dos asociados e asociadas quedarán no Arquivo da Asociación sen prexuízo da publicación individual polas persoas que os realizasen, pero só se poderá facer constar na publicación a condición de realizarse como traballo pola Asociación ou polos seus membros se o Secretariado Galego o autoriza expresamente por escrito.
3. Os Grupos de Traballo atenderán, dentro das súas posibilidades, as demandas que a Asociación lles faga co fin de informar ao Secretariado Galego sobre a súa actividade específica.
4. Os Grupos de Traballo deberán necesariamente participar nas formas de coordinación pedagóxica que se establezan.

Art. 20
Prestación de servizos

A Asociación dispoñerá de servizos que poderán ser utilizados polos asociados e asociadas, e tamén por aquelas persoas que non o sexan, se o Secretariado o decide así.

Art. 21
Comisións

Para facilitar os traballos do Secretariado Galego ou para cumprir mellor as súas finalidades poderán formarse por acordo del Comisións de carácter permanente ou accidental.

Das funcións dos cargos do Secretariado Galego

Art. 22
Comisión permanente

1. Os cargos de Presidente, Vicepresidente, Secretario e Vicesecretario, Responsábel de implantación, Responsábel de Medios de Comunicación e Tesoureiro constituirán a Comisión Permanente, que terá por función cumprir os acordos do Secretariado e das Asembleas Xerais.
2. O Secretariado Galego será o responsábel ante a Asemblea da súa actuación.

Art. 23
Presidente/a
Vicepresidente/a

Corresponde ao Presidente/a:

- a) Presidir as reunións do Secretariado Galego e das Asembleas e dirixir os debates.
- b) Representar á Asociación.
- c) Asinar e outorgar poderes e calquera outro documento.

- d) Facer cumprir os acordos e tomar as decisións necesarias en caso de urxencia.

O Vicepresidente/a substituirá ao Presidente/a por ausencia ou indisposición deste.

Art. 24
Secretario/a

Corresponde ao Secretario/a:

- a) Ter conta do Libro de Rexistro de Socios, o Libro de Actas e outros documentos da Asociación.
- b) Redactar e asinar as Actas do Secretariado e das Asembleas; estender as certificacións e outros documentos autorizándoos coa súa sinatura e Visto e Prace do Presidente.
- c) Redactar a Memoria Anual tocante á situación da Asociación e sometela a aprobación da Asemblea Xeral Ordinaria, así como as convocatorias e informes que saian do Secretariado.
- d) Manter a correspondencia da Asociación.

Art. 25
Tesoureiro/a

Corresponde ao Tesoureiro/a:

- a) Manter a contabilidade da Asociación nos correspondentes libros de ingresos e gastos, e informar para o Visto e Prace ao Secretariado Galego.
- b) Custodiar os fondos sociais.
- c) Efectuar pagos e cobros. Se os pagos superan os 300 euros. deberá realizalos xuntamente co Presidente. Manterá unha conta bancaria a nome da Asociación, e na que terán firma conxunta el e mais o Presidente.
- d) Confeccionar anualmente o Inventario-Balance e presentarllo á Asemblea Xeral para a súa aprobación e redactar o orzamento do ano entrante.

Art. 26
Outros membros

As funcións dos demais membros do Secretariado Galego especificaranse no Regulamento Interno da Asociación.

Do réxime económico

Art. 27
Patrimonio da
Asociación

O patrimonio da Asociación estará formado polos seguintes recursos económicos:

- a) As cotas que anualmente acorde a Asemblea Xeral Ordinaria e os bens e dereitos que correspondan en propiedade á Asociación.
- b) As subvencións, axudas ou doazóns que se poidan recibir de persoas públicas ou privadas.
- c) Os ingresos que se obteñan por medio do rendemento de actividades, publicacións, conferencias e outras funcións sociais.

O patrimonio inicial da Asociación é de cen euros. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural (31 de decembro).

Art. 28
Orzamento

1. O Secretariado Galego decidirá, de acordo co aprobado nos orzamentos, os gastos a realizar que delegará en mans do Tesoureiro/a.
2. Cada zona territorial confeccionará o seu propio orzamento. O Secretariado Galego, á vista das necesidades e medios, determinará a cantidade que terá que aportar cada zona ao orzamento xeral ou a que se lle ha dar a cada zona.

Art. 29
Doazóns e
subvencións

A aceptación de doazóns e subvencións a favor da Asociación corresponderalle ao Secretariado Galego, sempre que non comporten gravame ou carga de calquera clase para a Asociación, sen prexuízo das posíbeis posteriores autorizacións administrativas.

Da lingua

Art. 30
Lingua oficial da
Asociación

1. A lingua galega é o idioma que a Asociación establece para a realización das súas actividades e para os seus asociados e asociadas actúantes como membros da Asociación.
2. A Asociación considera válidas para a súa actividade e expresión dos seus membros as normativas lingüísticas existentes, agardando un maior consenso no porvir.

Da modificación dos Estatutos e da disolución da Asociación

Art. 31 **Modificación dos** **Estatutos**

Para modificar os presentes Estatutos precísase que o Secretariado Galego ou un Secretariado de Zona, en acordo adoptado pola maioría dos seus membros, ou un mínimo de trinta (30) asociados/as, presenten unha proposta de modificación e esta sexa aprobada pola Asemblea Xeral Extraordinaria cos dous terzos dos votos presentes.

Art. 32 **Disolución da** **Asociación**

1. A Asociación disolverase polas seguintes causas:
 - a) Pola imposibilidade sobrevida para o cumprimento das finalidades sociais.
 - b) Por vontade da Asemblea Xeral Extraordinaria acordada polos dous terzos dos votos presentes.
 - c) Por sentenza xudicial.
 - d) Por outras causas determinadas legalmente.
2. O patrimonio da Asociación, en caso de disolución, destinarase a liquidar pasivo e o sobrante será traspasado á entidade benéfica ou cultural non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma que determine a Asemblea. Para realizar estas funcións, a Asemblea designará unha Comisión Liquidadora.

